

RAQUEL CALVIÑO FOTÓGRAFA

► «Sem as montadas, os cavaleiros seriam peões. O lugar é que faz a localidade. Estar é ser». Os versos de Pessoa inspiraron a Raquel Calviño o seu traballo sobre o territorio. A autora pontevedresa inaugura mañá no Pazo da Cultura a súa mostra dentro do Outono Fotográfico.

«Detrás dos momentos máis insignificantes pode haber maxia»

BELÉN LÓPEZ

blopez@diariodepontevedra.es

«**MIRAR** a cidade. Eso que pensamos que facemos cada día acada con Raquel Calviño unha nova dimensión, unha faciana nova dentro dun discurso de fondo que nos permite ver a esta cidade como poucas veces se viu, acostumbrados como estamos a unha visión fosilizada, antiga se se quere, como a que conteñen as postais que se envían para amosar unha cidade que non é esa que aparece nesas imaxes». As palabras do comisario da exposición 'Estar é ser', Ramón Rozas, aparecen recollidas precisamente na parte de atrás das tarxetas postais coas que Raquel Calviño (Pontevedra, 1969) substituíu ao habitual díptico dunha mostra. A dela, 'Estar é ser', inaugúrase mañá (20.00, entrada libre) no Pazo da Cultura, dentro da programación do festival Outono Fotográfico, e complementa o diálogo pictórico que manteñen nas salas contiguas as creadoras Rosa Úbeda e Yolanda Dorda. «Estou encantada de compartir este espazo con outras dúas mulleres artistas». Calviño presenta aquí o seu particular retrato de Pontevedra, así como unha reflexión sobre a súa representación máis pop, a das postais.

Por que titulou a mostra 'Estar é ser'?

Porque o escritor Fernando Pessoa é un referente para min, tanto na miña vida como na miña obra. «Estar é ser» é un verso dun

poema seu. Son, ademais, dous verbos importantes: estar e ser. Custoume a frase porque facía referencia a algunhas cuestións que me interesan: a presenza, a ausencia, o territorio...


O territorio, neste caso Pontevedra, é o protagonista da mostra?

Si, aínda que podería telo sido calquera outra cidade: Evidentemente aquí escollín a miña, o que teño máis achegado, a miña contorna... Pontevedra é unha cidade presente na miña vida dende a adolescencia ata agora. Pero a idea de 'estar é ser' podería aplicarse a calquera outro espazo, ao de calquera un de nós. Neste caso, o territorio é Pontevedra e ese é claramente o protagonista.

Trasladou a Pontevedra esa ollada diferente sobre un espazo que xa realizara con anterioridade en vilas portuguesas?

Xusto. Eu comecei a fotografar cidades portuguesas, sobre todo Oporto, antes de empezar a facelo en Pontevedra. Parece difícil de crer, pero impúñame máis respecto facer iso aquí, nos meus espazos, entre a xente coa que convivía habitualmente, que fóra. Cando pasas por un mesmo sitio cada día, o ollar é diferente. Poñerme

Facer fotos de Pontevedra esixía unha transformación na miña ollada. Así descubrín a cidade que pasa desapercibida»



Raquel Calviño, esta semana, montando a súa exposición no Pazo. R. FARIÑA

a facer fotos de Pontevedra esixía unha transformación na miña ollada. O que busquei foi retratar escenas cotiás, desas que se repiten a miúdo e ás que non prestamos atención, para propoñerlle á xente que se detivera nelas. Detrás dos momentos máis insignificantes as máis das veces hai maxia.

Os diferentes formatos das fotografías marcan diferentes partes da exposición?

Nesta exposición presento catro pezas de gran formato, outra serie de fotografías grandes composta por máis dunha ducia de obras e despois varias composicións con fotografías máis pequenas. Pero eu considero que todo forma parte dun conxunto.

Dúas desas composicións son de postais, un dos eixos do seu traballo actual.

Si, postais desas que habitualmente se atopan nos quioscos. Forma parte desa reflexión que propoño sobre a visión que se ten da cidade e a súa representación. Despois, cando remate a mostra, realizaremos unha acción xogando precisamente co envío dunha imaxe. Enviáremoslle as miñas fotos de Pontevedra á xente da cidade, escollida de xeito aleatorio, explicándolle que formaron parte da exposición. Sobre as postais teño ademais outro proxecto, máis a longo prazo, no que reinterpreto dende a actualidade e dende o meu punto de vista esas mesmas fotos que se empregan nelas. Isto non remata aquí. Igual que o proxecto de retratar Pontevedra.

Antes referíase a unha transformación á hora de ollar a cidade para poder poñer en marcha este proxecto. Atopou unha Pontevedra diferente?

Atopei unha cidade máxica, unha cidade por descubrir, unha cidade da que estou namorada, aínda que moitas veces, dende detras da cámara, me frustrara non conseguir a imaxe que quería. Se a Pontevedra lle outorgas un certo valor, se a pasas por un filtro de observación diferente e de silencio, revélase outra cidade, a que pasa desapercibida.